



O valor da Sanidade Pública

**RECUPEREMOS OS DEREITOS
LABORAIS E RETRIBUTIVOS DO
PERSOAL DO SERGAS**

NON QUEREMOS ESMOLAS

Queremos o que o Presidente da Xunta nos roubou

NON Á PRECARIIDADE LABORAL

Queremos a eliminación da taxa de reposición

Queremos negociar un sistema identificativo de prazas

Queremos unha oferta de emprego co 100% das prazas

NON A UNHA RETRIBUCIÓN EXTRA

Queremos un complemento específico sen recortes



**POLA NEGOCIACIÓN DA
RECUPERACIÓN DOS DEREITOS
XA!!**



RECUPEREMOS OS DEREITOS LABORAIS E RETRIBUTIVOS DO PERSOAL DO SERGAS

Nesta situación de pandemia estamos a escoitar un discurso hipócrita por parte do presidente da Xunta de Galiza sobre o persoal da sanidade pública; que pretende eludir a súa responsabilidade sobre as condicións de precariedade na que traballa unha parte importante do persoal.

No seu discurso fala dunha compensación económica puntual para os/as profesionais motivado polo COVID 19. Con isto o Sr. Feijóo continúa a transmitir, perante a opinión pública, que só agora o persoal merece ter unha retribución extra.

Exiximos o recoñecemento e o valor do traballo das/os profesionais da sanidade os 365 días do ano.

Desde **CIG-SAÚDE** non podemos aceptar esmolas dun presidente da Xunta que o único que pretende é lavar a súa imaxe cara ás eleccións do 12 de xullo. Cando leva desde o ano 96 negándonos o dereito a percibir as retribucións que nos corresponden pola nosa prestación de servizo, ben sexa cando era Secretario Xeral da Consellaría de Sanidade, ben como presidente da Xunta.

O persoal do SERGAS non quere “esmolas” o que quere é recuperar os seus dereitos. Polo que, desde **CIG-SAÚDE** exiximos a convocatoria dunha **mesa sectorial para negociar**:

- **Recuperación dos 3 días de Libre disposición.**
- **Eliminación da taxa de reposición.**
- **Negociación dun sistema identificativo do cadro de persoal do SERGAS:** fixos/as, interinos/as, eventuais cubrindo prazas estruturais, eventuais fóra de cadro de persoal, xubilacións.
- **Convocatoria dunha oferta de emprego co 100% das prazas** para a estabilidade das/os profesionais.
- **A negociación dun calendario de recuperación salarial**, que se materialice a través dos orzamentos. Sendo conscientes de que isto ten que ser nun calendario de recuperación plurianual.

Desde **CIG-SAÚDE** esiximos a **contía total do complemento específico** do persoal da Xunta de Galiza. O persoal do SERGAS tamén é empregada/o público da Xunta de Galiza.

Se o complemento específico retribúe as condicións particulares dos postos de traballo en atención á dificultade técnica, formación, responsabilidade, perigosidade, penosidade... **Sr Feijóo, por que o persoal do SERGAS percibe unha contía inferior** á recollida na Orde de Confección de Nóminas das/os empregadas/os públicos da Xunta de Galiza?

Esta contía percíbese nas 14 mensualidades.

Diferenza salarial entre o persoal da Xunta e o Persoal do SERGAS		
Complemento específico Xunta de Galiza	Complemento específico persoal do SERGAS + complemento de Produtividade fixa	Diferenza negativa para o persoal do SERGAS
Nivel 22: 673,66 €	Enfermeiro/a // Nivel 22: 421,92 €	-251,74 € x mes
Nivel 18: 499,78 €	Técnico/a superior // Nivel 18: 294,18 €	-205,60 € x mes
Nivel 16: 484,94 €	TCAE // Nivel 16: 299,60 €	-185,34 € x mes
Nivel 14: 463,18 €	Celador/a // Nivel 14: 353,83 €	-110,35 € x mes

Desde **CIG-Saúde** solicitamos que aos/as licenciados/as sanitarios se lles recoñeza un nivel 26.

Sistema Retributivo Persoal Facultativo		Proposta Retributiva CIG-SAÚDE. Recuperación dereitos. Nivel 26.				
A Resolución do 2 de xuño de 1989, publica o acordo do Consello da Xunta de Galiza, no que se recolle a clasificación dos postos de traballo para o persoal da Administración Pública Galega recolle os niveis polo que se determinan as retribución do persoal		Nivel 26. Función Pública		Nivel 24. Persoal Facultativo SERGAS		Recuperación Dereitos
		Compl. Destino	Compl. Específico	Compl. Destino	Compl. Específico	
Intervalo de niveis Función Pública	Nivel Facultativos SERGAS.	757.72 €	1021.45 €	632.60 €	846.38 €	300.19 €/mes
Grupo A1: nivel do 20 ao 30. Licenciatura	A1: Nivel 24. Licenciatura + MIR 4 ou 5 anos.	Total	1779.17 €	Total	1478.98 €	
Grupo C1: nivel do 14 ao 25. Bacharelato						

POLA NEGOCIACIÓN DA RECUPERACIÓN DOS DEREITOS XA!!